

**Follas do Cineclub | 05/02/2020**

*Os xitanos da gran cidade*  
(Gross Stadt Zigeuner,  
László Moholy Nagy,  
Alemaña, 1932, 11', VO)  
*Ser xitano*

(Att vara zigenare, Peter Nestler, Suecia, 1970, 47', VOSG)

01

**A NARCISISTA LENI RIEFENSTAHL COMO A MARTHA DOS OLLOS ARDENTES**

Lith Bahlmann / Matthias Reichelt

[Tirado de "Sinti und Roma im deutschen Filmschaffen", dispoñíbel en <https://www.goethe.de/de/kul/flm/20368695.html>]

Cando László Moholy-Nagy rodaba en 1932 o seu filme de cinema experimental, de tan só doce minutos, *Xitanos da gran cidade* en Berlín, é certo que validaba a difundida imaxe dos sinti e os roma como pitonisas, músicos e adestradores de osos danzantes, pero revelábaos ao mesmo tempo como unha comunidade alegre e segura de si mesma. Moholy-Nagy non podía sospeitar que poucos anos máis tarde os sinti e os roma estarían, como os xudeus europeos, no punto de mira da política do nacionalsocialismo.

Algo totalmente distinto aconteceu coa mestra da propaganda filmica nazi Leni Riefenstahl. En 1934 proxectou a adaptación cinematográfica da ópera *Tiefland* de Eugen d'Albert, baseada nunha das obras de Richard Wagner preferidas por Adolf Hitler. Riefenstahl púxose a si mesma na escena no papel protagonista da "fermosa xitana". A realización converteríase nunha das producións máis caras e longas do nacionalsocialismo. En 1940 Leni Riefenstahl ordenou trasladar sinti e roma dos campos de concentración xitanos Max Glahn, cerca de Salzburgo, e Berlin-Marzahn para traballaren no filme. Moitos dos extras acabaron en Auschwitz. Riefenstahl negou ter coñecemento disto ao final da súa vida: "Volví ver a todos os xitanos que traballaron comigo en *Tiefland* despois do remate da guerra. A ningún deles lles pasou nada".

**LA VOZ. TESTEMUÑAS DA CATÁSTROFE**

Jonathan Larcher

[Tirado de "Un siècle d'infamie. Jalons pour une histoire politique du «Romani cinema»". *Recherches & Travaux*, 2018, 93. Dispoñíbel en: <http://journals.openedition.org/recherchestravaux/1113>]

Mentres que o estupor desencadeado pola Shoah xera procedementos xurídicos e a posta en marcha de compensacións para as vítimas xudías, a sorte das familias romanís internadas e enviadas aos campos da morte foi diferente. "Durante anos tras a fin da Segunda Guerra Mundial, moitos xitanos vítimas dos nazis militarón, algúns deles até a morte, polo recoñecemento dos prexuízos sufridos, así como para seren indemnizados financeiramente por todo o que perderan. Para os máis deles, o esforzo foi en vano".

A asimetría entre o Holocausto e o *Samudaripen*<sup>1</sup> é igualmente visual. A imaxe da meniña filmada desde a plataforma do campo de tránsito nazi de Westerbork, coa cabeza asomando pola abertura da porta do vagón que a leva cara os campos da morte, é xa unha imaxe da Shoah. Unha imaxe que coñecemos en parte grazas a *Noite e néboa* [*Nuit et brouillard*] de Alain Resnais (1956). Será preciso, con todo, esperar a mediados dos anos 90 para que a meniña volva encontrarse co seu nome e a súa identidade. Settela era unha pequena sinti. No silencio e o deserto visual que envolven o xenocidio dos xitanos logo da Segunda Guerra Mundial, dous cineastas alemáns producen un filme documental inédito sobre a experiencia dos superviventes roma e sinti da Alemaña occidental e de Austria. En só corenta e sete minutos, Peter e Zsóka Nestler presentan unha serie de testemuñas sobre a suba do antixitanismo antes da guerra, a vida nos campos e a perpetuación dunha marxinalización das súas familias nas zonas urbanas.

*Ser xitano*, de Peter e Zsóka Nestler, inscríbese no contexto do novo cinema da Alemaña occidental que emerxe ao redor dos anos 60 e 70. Pola presentación, frontal e sen ornamentos, das historias de vida dos sinti, *Ser xitano* pertence a ese movemento que produce "representacións críticas dun país que xa non se pode, tras o nazismo, chamar *Heimat* [patria]". Esta ollada crítica fíxose materialmente posíbel polo exilio de Peter e Zsóka Nestler en Suecia. *Ser xitano* está, en efecto, producida pola radio sueca (Sveriges Radio).

Ao longo do filme, a montaxe alterna entre as tomas dos lugares percorridos polos cineastas e habitados polas familias xitanas e entrevistas cos superviventes dos campos. Dúas longas secuencias infrinxen un pouco esta regra. A primeira, que abre o filme, é unha serie de lenzos do

<sup>1</sup> *Samudaripen* ('asasinato masivo') ou *Porajmos* ('devoración') son os nomes en romaní cos que adoita denominarse o xenocidio contra os xitanos cometido polos nazis. [Nota do tradutor]

# PORAJMOS

**LITH BAHLMANN E MATTHIAS REICHELT /  
JONATHAN LARCHER**

pintor Otto Pankok, realizados durante a súa estancia de catro anos nunha comunidade xitana e presentados ante o obxectivo da cámara por Zsóka Nestler. O desfile dos lenzos, examinados sen practicamente ningún corte, é acompañado por unha voz en off, que presenta brevemente a longa historia das persecucións sufridas polas familias xitanas desde fai varios séculos e décadas en Alemaña. A segunda secuencia sitúase no medio do filme e presenta os rexistros do campo xitano de Auschwitz-Birkenau, encontrados varios anos despois da guerra. Cunha economía de comentarios, estas imaxes presentan os nomes dos detidos, o seu número de identificación e algunhas imaxes fotográficas tomadas antes da súa chegada ao campo.

Se estas secuencias son inéditas por completo, *Ser xitano* é particularmente salientábel polas testemuñas que constitúen a meirande parte do filme. En efecto, a escoita dos cineastas e a atención que conceden á voz das persoas filmadas é completamente exemplar. Durante as dúas primeiras entrevistas cos superviventes dos campos, a mirada dos suxeitos filmados diríxese ao fóra de campo, moi probablemente na dirección de Zsóka Nestler, no rexistro do son. O conxunto das tomas faise desde a mesma posición, con Peter Nestler filmando os seus interlocutores de tres cuartos ou de perfil. Os silencios gardados na montaxe ou os saltos entre planos provocados por cada corte dan así a impresión de que os relatos sobre os problemas de saúde, as dificultades de indemnización, os insomnios e os medos son enunciados nun só golpe de voz. Sen florituras, este lixeiro retrato do cineasta, que evita calquera tipo de frontalidade ou de distanciamento confortábel, sitúanos, como espectadores, no limiar dun diálogo silencioso iniciado entre as persoas filmadas e Zsóka Nestler, sempre no fóra de campo. Esta prudencia cobra rapidamente sentido cando a muller dun supervivente rexeita ser filmada, manténdose ao fondo do campo, no aveseado da cociña. Encontrarse coas familias xitanas nas súas propias casas, décadas despois da guerra, resulta en efecto unha situación delicada para un equipo de rodaxe. Contrariamente ás decisións emanadas do aparello de estado nazi que levaron ao xenocidio dos xudeus, o xenocidio dos xitanos foi unha empresa elaborada á escala local: “[...] nos despachos dos racistas da universidade ou dos concellos, nas celas da policía criminal de Frankfurt ou de Múnic [e] nas parcelas dos campos municipais obrigatorios do Ruhr, onde as familias xitanas recibían a visita de científicos racialistas”. Con moito tacto, Peter Nestler e Zsóka Nestler poñen en práctica situacións de rodaxe que se adaptan a “unha cultura da persecución [que] se transmite silenciosamente de xeración en xeración”.

Estas precaucións non responden, pois, nin a manierismos nin a “medos de filmar”. En efecto, en canto se trata de filmar as escenas exteriores, a cámara de Peter Nestler déixase guiar facilmente na dirección dos nenos e dos pais que sorrín cara á cámara. Do mesmo xeito, é cunha frontalidade completamente distinta que os cineastas filman ao autor Hermann Langbein, antigo preso común que foi unha testemuña privilexiada das condicións de vida deplorábeis dos xitanos e dos roma en Birkenau. Durante esta entrevista, a cámara está sobre o trípode, de fronte ao suxeito filmado, a dous ou tres metros del. O micro pousado na mesa está no campo da imaxe.

*Ser xitano* establece dous puntos de referencia para un estudo das presenzas xitanas e roma neste longo século de infamia. O filme de Peter e Zsóka Nestler marca desde un principio un fito na historia visual do xenocidio xitano. Pola atención prestada ás testemuñas (a súa inmediatez, o seu ritmo, o seu alento), os cineastas mostran toda a capacidade das vítimas xitanas para presentar a súa vida e pór en palabras a súa experiencia. En realidade, o exilio de Peter e Zsóka Nestler non é só unha característica do Novo cinema alemán dos anos 60 e 70. É tamén un dos aspectos persistentes do “cinema romaní” logo da Segunda Guerra Mundial, como se fose necesario para este cinema formarse fóra da sociedade de veciñanza coa que lindan os roma e os xitanos. Quer sexa por seren acollidos con menos desconfianza, quer polas imaxinarias e arquetipos que poboan o imaxinario dos gadje<sup>2</sup>, é ben a miúdo a ollada do estranxeiro a que se dirixe de primeiras cara as familias roma e xitanas. Así, o primeiro filme documental e etnográfico sobre os manush franceses foi realizado pola parella de antropólogos xaponeses Yasuhiro Omori e Kimie Omori: *Mour Djiben. Mi vida como xitano manouche [Mour Djiben. Ma vie de tzigane manouche]* (1976). Dúas décadas máis tarde, os filmes máis salientábeis sobre os poboados chabolistas dos roma rumanos en Francia están tamén caracterizados por esta mirada afastada. Ese é tanto o caso de *Quen ten medo dos xitanos rumanos? [Qui a peur des Tziganes roumains?]* (1996), codirixido polo fotógrafo e antropólogo arxentino Leonardo Antoniadis e a cineasta Evelyne Ragot, como de *Francia 2007 [France 2007]*, realizado con bobinas de Super 8 caducadas pola videoartista e artista plástica coreana Gee-Jung Jun.

<sup>2</sup> *Gadjé* é a palabra romaní equivalente ao termo *paio*, referido a unha persoa que non é xitana. [Nota do tradutor]

# CINECLUBE DE COMPOSTELA

FEB  
2020

## ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as) [cineclubedecompostela.wordpress.com](http://cineclubedecompostela.wordpress.com) [facebook.com/cineclubedecompostela](https://facebook.com/cineclubedecompostela) @cineclubedecompostela@gmail.com

## PROXECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela) Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

## MÉRCORES 5

### *Os xitanos da gran cidade*

(Gross Stadt Zigeuner, László Moholy Nagy, Alemaña, 1932, 11', VO)

### *Ser xitano*

(Att vara zigenare, Peter Nestler, Suecia, 1970, 47', VOSG)

## MÉRCORES 12

### *Os Tarantos*

(Los Tarantos, Francisco Rovira Beleta, Estado Español, 1963, 83', VO)

## MÉRCORES 19

### *Bravo!*

(Aferim!, Radu Jude, Rumania / Bulgaria / República Checa / Francia, 2015, 108', VOSG)

## MÉRCORES 26

### *Boa viaxe*

(Latcho Drom, Tony Gatlif, Francia, 1993, 103', VOSG)